

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO

Lugar: sala virtual nº 14 da EIDO no Campus Remoto

Data: 19 de maio de 2022

Hora de comezo: 12:05 h

Hora de remate: 13:43 h

ASISTENTES

Antonio Pino García (director da Eido), presidente

José Luis Gómez Reboiro (xefe do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao)

Joaquín Collazo Rodríguez (director da Área de Calidade)

María Asunción Longo González (responsable de calidade dos PD do ámbito Enxeñaría e Arquitectura)

Pedro Pablo Gallego Veigas (responsable de calidade dos PD do ámbito Científico)

Susana Reboreda Morillo (responsable de calidade dos PD do ámbito Humanístico)

Paloma Morán Martínez (responsable de calidade dos PD do ámbito Campus Mar)

Marcos Arias Acuña (subdirector da Eido), secretario

INVITADOS

José Miguel Dorribo Rivera (técnico superior de calidade da Área de Calidade)

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
2. Informe da presidencia
3. Análise e validación do informe de seguimento dos programas de doutoramento en Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento e en Creatividade e Innovación Social e Sostible
4. Informe sobre a memoria de calidade 2021 e a nova Política e Obxectivos de Calidade da EIDO: medidas á adoptar
5. Implantación do SGC: aprobación das conclusións dos grupos de traballo
6. Rolda aberta de intervencións

DELIBERACIÓNS

1 Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Apróbase por asentimento a acta da Comisión de Calidade da EIDO do 25 de abril de 2022.

2 Informe da presidencia

O director da EIDO informa sobre:

- Verificación e Modificación dos programas para implantar no 2023/24: do curso 2022/23 xa chegou o informe final de modificación de DOCTIC. Non recibimos ningún informe adicional por parte da ACSUG, polo que as modificacións dos Programa de Doutoramento en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria e en Sistemas Software Intelixentes e Adaptables van ter que adiarse ao próximo curso. O PD en Xeotecnoloxías Aplicadas á Construcción, Enerxía e Industria aínda non enviou a memoria inicial da modificación e o PD en Nanociencia e Biomedicina xa ten en exposición pública a memoria inicial da verificación do novo título.
- Renovación de acreditación: a única novidade é que a visita do PD Análise Económica e Estratexia Empresarial parece que será na segunda quincena de xullo. Dos programas que non coordinamos nós, Eficiencia enerxética está prevista a visita no 2º ou 3º trimestre, Química teórica está en proceso e Ciencias do deporte terá a visita o 2 de xuño.
- Seguimento 2022: tratarase no punto 3 desta Comisión.
- SGC: situación do sistema: xa están rematados os procesos de Información Pública, o de Xestión Documental, o de Dirección estratéxica, o de Xestión Académica-Admisión e o de Xestión Académica-Atención e Orientación. Xa foi a primeira reunión do proceso de Aprendizaxe e Avaliación dos Doutorandos e mañá empezará o de Autorización e Defensa da Tese.
- Memoria 2020/2021: tratarase no punto 4 desta Comisión.
- HR: continúa o Ciclo de relatorios temáticos. O técnico superior de calidade da Área de Calidade informe sobre o Welcome Pack (<https://www.uvigo.gal/en/come-uvigo/visiting-research-staff>).

3 Análise e validación do informe de seguimento dos programas de doutoramento en Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento e en Creatividade e Innovación Social e Sostible

O subdirector da EIDO informa que enviáronse por correo electrónico os autoinformes para o seguimento dos programa de doutoramento en Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento e en Creatividade e Innovación Social e Sostible.

Valídanse os informes, enviando aos coordinadores pequenos axustes para mellorar a redacción e delegando na subdirección da EIDO a comprobación destes cambios.

4 Informe sobre a memoria de calidade 2021 e a nova Política e Obxectivos de Calidade da EIDO: medidas á adoptar

O subdirector da EIDO informa que No grupo de traballo do proceso de Dirección Estratéxica, analizáronse os obxectivos de calidade actuais:

1. Renovar a acreditacións dos programas de doutoramento responsabilidade da Universidade de Vigo (1, 18)
2. Mellorar a satisfacción do alumnado implicado na formación doutoral a través dunha atención directa e individual, que facilite o seu progreso, que evite o abandono, que mellore os seus resultados académicos e que o sitúe nunha posición de vantaxe competitiva ante a súa inserción no ámbito laboral ou de investigación (10)
3. Mellorar a satisfacción dos restantes axentes implicados nos programas de doutoramento, xerando un marco de confianza e de seguridade (10)
4. Afianzar e ampliar a rede de colaboración internacional, con especial atención no marco da eurorrexión transfronteiriza, Hispanoamérica e a comunidade lusófona, mediante a colaboración con universidades e con outras institucións de educación superior (5, 18)
5. Promover a captación de estudantes internacionais (26)
6. Mellorar a formación do persoal na calidade en doutoramento (13)
7. Obter a certificación do sistema de garantía de calidade da Eido (20)

Os números entre parénteses son os do plan Estratéxico da Universidade, xa que o grupo de traballo recomendou que a nova estratexia da EIDO estivese en liña coa da Universidade de Vigo. Os puntos deste plan que afectan ao doutoramento son:

- 1. Promover unha oferta de grao e de posgrao plurilingüe, sostible e de calidade contrastada, tanto presencial coma en liña, en consonancia coa demanda da contorna
- 2. Desenvolver programas formativos conxuntos coas empresas e coas institucións que melloren a empregabilidade do estudantado
- 5. Impulsar a internacionalización e a multiculturalidade
- 6. Mellorar a imaxe interna e o posicionamento nacional e internacional da Universidade de Vigo
- 10. Impulsar unha xestión administrativa eficaz, máis áxil, próxima e transparente
- 13. Establecer un modelo de goberno e de xestión da universidade baseado na transparencia, no comportamento ético con atención as singularidades e á responsabilidade social universitaria
- 18. Posicionar á Universidade de Vigo como unha institución de investigación de referencia na nosa contorna, na rexión e na Eurorrexión
- 19. Ciencia aberta
- 20. Potenciar o recoñecemento dunha actividade investigadora de calidade
- 21. Potenciar e promover a visibilidade no ámbito internacional da actividade investigadora e da transferencia de resultados
- 26. Captar estudantado con talento e garantir o acceso universal á educación pública universitaria

As novas tendencias detectadas (e a súa relación cos obxectivos da Universidade), que non estaban recollidas nos obxectivos de calidade actual foron:

- Integración laboral dos estudantes de doutoramento como investigadores que lideren a produción de coñecemento e innovación (2)
- Difusión das actividades de doutoramento (6, 19, 21)
- Implicación da oferta de estudos de doutoramento na Axenda 2030 e nos ODS (1, 13)
- Satisfacción coa atención inclusiva ou vulnerabilidade (13)

Apróbase por asentimento que a dirección da EIDO presente a esta comisión unha nova Política e Obxectivos de Calidade tendo en conta as novas tendencias detectadas.

En canto á redacción da memoria de calidade 2021, incorporanse á reunión de redacción ademais da Comisión de Calidade da EIDO, á UAP, a biblioteca e as vicerreitorías con competencias en sostibilidade e responsabilidade social.

Apróbase por asentimento, realizar unha única memoria anual, neste ano similar ao do ano pasado e nos vindeiros anos realizárase unha memoria da EIDO en vez de memoria de calidade da EIDO incorporando aspectos de sostibilidade / ODS (RD 822/2021).

5 Implantación do SGC: aprobación das conclusións dos grupos de traballo

Conclusións do grupo de traballo en Dirección Estratéxica:

- Elaborar a estratexia da Eido en liña co plan estratéxico da Universidade de Vigo
- Cambiar a orde entre Dirección da EIDO e Comisión de calidade na definición da Política e Obxectivos de Calidade: a dirección da EIDO propón á Comisión de calidade, a comisión de calidade informa, a dirección da EIDO a presenta ao Comité de dirección, e este os aproba
- Incorporación dos ODS na Política e Obxectivos de Calidade.
- Intentar que nas teses en depósito aparezan os ODS cos que está relacionada. Poderíase facer vídeos cortos coa axuda da Unidade de Cultura Científica. E intentárase organizar unha actividade formativa transversal sobre ODS, Axenda 2030, sostibilidade, tanto para os estudantes como para directores e para a EIDO
- Difundir a estratexia da EIDO e a memoria anual na Web, Avisos, Novas, Duvi...
- Actualización do catálogo de indicadores, coa incorporando dunha introdución, a incorporación de novos indicadores (abandono, eficiencia e graduación) ao portal de acordo co SIIU, axustes nas definicións actuais e o acordo no SUG
- Modificar o responsable do proceso de Estratexia (DE-01) desde o Vicerreitor de Planificación e Sostibilidade á Dirección da Eido
- Redacción da memoria de calidade 2021: realizar unha única memoria anual. Neste ano similar ao do ano pasado. Nos vindeiros anos, memoria da EIDO en vez de memoria de calidade da EIDO incorporando aspectos de sostibilidade / ODS (RD 822/2021). Participantes na reunión de redacción da memoria anual: ademais da Comisión de Calidade da EIDO incorporar á UAP e as vicerreitorías con competencias en sostibilidade e responsabilidade social

Conclusións do grupo de traballo en Xestión Académica - Admisión:

- As CAPD elaborarán, con data límite en marzo, un informe da análise de perfil de acceso, incluíndo a análise dos complementos de formación e as necesidades de promoción. Previamente dende a Eido se enviará un guión cos puntos básicos que debe conter dito informe, que se baseará en tendencias máis que en datos estáticos dun único curso.
- É necesario insistir ás CAPD na obriga de asignar titor para a publicación do listado definitivo de admitidos. Os criterios de admisión non deberán ter ambigüidades.
- A información sobre criterios de admisión específicos de cada programa debería aparecer na web. Se non fose posible, intentaríamos que a información do Anexo XI, no que aparecen os requisitos de admisión estea máis visible.
- Intentárase restablecer a posibilidade de que o alumnado indique na Secretaría Virtual unha proposta (opcional) de titor, desvinculada da liña de investigación. No caso de que non sexa factible, habilitárase un documento, para entregar con carácter opcional, no que se indique a conformidade dun determinado titor.
- A información sobre tempo parcial, baixas temporais ou prórrogas enviarase centralizada a partir dos diferentes documentos utilizados agora polas áreas académicas. Estas subirán ao Teams a súa documentación para elaborar conxuntamente co Servizo de Posgrao unha proposta conxunta que se poida enviar a través do Moovi. Enviarase desde Moovi recordatorios do período de matrícula en continuación de estudos.
- Extraeremos dos documentos sobre boas prácticas na publicación de datos persoais, aquela información relacionada coa publicación de listados de admisión para enviarlla ás áreas académicas e ás coordinacións.

Conclusións do grupo de traballo en Xestión Académica – Atención e Orientación:

- As CAPD deberán elaborar en marzo un informe sobre as necesidades de atención e orientación dos doutorandos, con especial énfase nos colectivos singulares (persoas que están traballando, estranxeiros, etc.), a mobilidade e as saídas profesionais. Despois a Eido incorporaría as necesidades institucionais ao longo do mes de abril e, a partir de aí elaborárase a planificación necesaria.
- Enviar datos matrícula/prazas ofertadas a Captación para que fomente a demanda nos programas deficitarios
- A Universidade vai a empezar a emitir o SET en canto o Ministerio publique a guía definitiva. Estase a arranxar o Rexistro de estudantes de programas interuniversitarios titulados noutras universidades participantes
- Integrar nun único punto de acceso para os doutorandos toda a información (nas Vicerreitorías de Investigación, Estudantes, Internacional...) relacionado co seu traballo, tanto na vertente de estudantes como na de investigadores
- Elaborar unha versión da Guía de acollida que ten captación, adaptada ás necesidades de orientación do alumnado de doutoramento. Ver a posibilidade de facer un buscador similar o que xa existe para grao
- Eliminar referencias a Xescampus nos procedementos cando cambiemos a Sigma
- Retomar a xornada de acollida da EIDO, aportando orientación en cuestións da carreira profesional
- Formación para os coordinadores e titores para que poidan orientar os estudantes.
- A universidade debe dar a coñecer os mecanismos de atención e orientación que esta pon a disposición dos doutorandos/as matriculados, en función do seu perfil:
 - novo ingreso:
 - xornadas de acollida (institucionais e específicas de cada programa),
 - información na web institucional e específica do programa e acceso ao portal de servizos electrónicos,
 - información e orientación académica xeral e administrativa (Servizo de Información ao Estudante, Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao)
 - información sobre actividades de extensión cultural, asociacionismo, deportes... (Servizo de Información ao Estudante)
 - orientación psicopedagóxica (Gabinete Psicopedagóxico)
 - continuación de estudos: ademais dos servizos anteriores, podemos engadir
 - orientación sobre estadías e mobilidade en universidades e organismos nacionais ou internacionais (Oficina de Relacións Internacionais)
 - información sobre bolsas pre-doutorais, de mobilidade (Servizo de Información ao Estudante),
 - futuros investigadores/as :
 - orientación profesional
 - información sobre ofertas laborais
 - orientación sobre a carreira investigadora.
 - estudantado estranxeiro/investigadores predoutorais visitantes
 - orientación para a obtención de visados e outros documentos
 - legalización de documentación

6. Rolda aberta de intervencións

Non hai.

ACORDOS

1 Apróbase a acta da Comisión de Calidade da EIDO do 25 de abril de 2022.

2 Valídanse os informes de seguimento dos programas de doutoramento en Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento e en Creatividade e Innovación Social e Sostible

3 Apróbanse as conclusións dos grupo de traballo en Dirección Estratéxica, en Xestión Académica – Admisión e en Xestión Académica – Atención e Orientación

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretario.

O secretario,

Visto e prace
O presidente